

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2018/7

DATA: xoves 5 de xullo de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 22:02 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

### ASISTEN

BNG  
TOBIAS BETANZOS REGO  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
ADELINA CES QUINTÁNS  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
PP  
ELISA BOUZAS VICENTE  
ADELA BECERRA MAYO  
MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO  
PSdeG-PSOE  
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
MARTÍN COMOJO VICENTE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ  
ANTONIO CASTRO CASTRO

### AUSENTES

PP  
MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN  
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 6/2018 do Pleno en sesión ordinaria do 31 de maio de 2018
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. MOCIÓN do grupo municipal de Rianxo en Común: QUE O PARQUE MÓBIL DO

CONCELLO MUDE PROGRESIVAMENTE A ELÉCTRICO

4. MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: APOIO A INICIATIVAS DE CARÁCTER LABORAL RELACIONADAS COS MONTES.

5. MOCIÓN do grupo municipal de Rianxo en Común: APOIO A INICIATIVAS DE CARÁCTER LABORAL.

6. Moción do grupo municipal BNG: Apoio ás reivindicacións dos colectivos LGTBIQ+

7. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

**-2133434364**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

**1 APROBACIÓN ACTA Nº 6/2018 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 31 DE MAIO DE 2018**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 6/2018 de 31/05/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 31/05/2018, Acta nº 6/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **acta** nos termos desta

## **2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/05/2018 ata o 31/05/2018, que comprenden os números 367/2018 ao 467/2018, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 9 da Sesión ordinaria do día 14/05/2018
- Acta nº 10 da Sesión ordinaria do día 28/05/2018

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## **3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN: QUE O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO MUDE PROGRESIVAMENTE A ELÉCTRICO**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Concelleiro Antón Castro Castro, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En maio de 2Q17 este pleno aprobaba unha moción que recollía como un dos acordos, que se instalara un punto de recarga para coches eléctricos nos aparcadoiros de titularidade municipal. Hai agora un mes, un ano despois da moción aprobada en Rianxo, a prensa recollía a nova de que Nigrán instalara por un importe de 3000 euros o primeiro punto municipal de Galicia, de xestión pública para Carga de coches eléctricos. Tamén dicía a nova que o concello de Nigrán ultimaba unha proposta de bonificación do IVTM outro dos acordos da moción citada, e que antes de final de ano substituirían dúas furgonetas moi contaminantes por dous vehículos eléctricos, algo que agora queremos propoñer.

Para xustificar esta proposta imos usar practicamente os mesmos argumentos que utilizábamnos para xustificar a anterior a que vimos de referimos. O reto do cambio climático obríganos a reducir emisións nos distintos ámbitos ós que noutras ocasións nos temos referido: transporte, residencial, público, terciario, ... do que os coches supoñen unha porcentaxe importante, aproximadamente un 35% do consumo total da enerxía do estado español, que no 97% son derivados do petróleo.

Reiterámonos en que deberemos usar máis o transporte colectivo, renunciar a determinados usos superfluos dos coches, pero non poderemos prescindir deles no substantivo, e continuarán supoñendo un enorme problema para o clima se non cambiamos as fontes de enerxía que utilizan. Hai estudos que din que se queremos seguir usando o coche como o facemos e queremos cumprir os obxectivos de redución de emisións, debería haber no estado 300.000 coches eléctricos no 2020. Partimos dunha situación de arredor de 12.000 coches eléctricos en 2017, un 0,087o do total, aínda que aumentando a un ritmo de arredor dun 100% nos últimos dous anos.

As razóns que impiden o seu despegue continúan sendo as mesmas: o custo, a autonomía, o tempo de recarga das baterías, o baixo número de puntos de recarga, ...Pero mellorando de xeito exponencial en cada un dos aspectos, por máis que o grupo de goberno do concello de Rianxo non se teña sumado aínda a esta progresión.

Santiago, A Coruña, Reus, Salamanca, Pamplona, Cartagena, ... concellos de todo tamaño e signo político deron pasos para mudar o seu parque móbil a eléctrico, poren nos últimos tempos o concello de Rianxo mercou vehículos e optou polos convencionais.

Por todo o anterior propoñemos ó pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que nos sucesivos cambios de parque móbil a opción eléctrica sexa a preferente.
2. Que a compra de vehículos con outro tipo de alimentación responda á falta de funcionalidade dos eléctricos para as tarefas para as que van usar, despois de informe debidamente contrastado.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, dos 3 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (4 dos membros do grupo PSOE) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

#### **4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: APOIO A INICIATIVAS DE CARÁCTER LABORAL RELACIONADAS COS MONTES.**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14

membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Concelleiro Antón Castro Castro, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Varias veces ó longo destes anos falamos do cambio social acelerado que se produciu en Galicia a partir do último cuarto do século XX, que continua na actualidade, e que esta a provocar preaxustes en algúns aspectos problemáticos. Un dos grandes cambios foi sen dúbida o descenso sen precedentes de poboación activa no sector primario, que obedece a múltiples causas, pero que ten un claro punto de inflexión coa entrada na Comunidade Económica Europea, no que o tratado de adhesión e demais tratados que nos vinculan, supuxeron de facto unha reestruturación dos sectores produtivos.

Neste tempo a forma da pirámide de poboación galega mudou de xeito radical. Nos anos 70 do século pasado a poboación menor de 14 anos aínda era máis do dobre da maior de 65, actualmente a situación é xusto a inversa, os maiores de 65 anos son practicamente o dobre dos menores de catorce. Outro cambio importante foi o modo de habitar o territorio, de ser unha sociedade maioritariamente rural pasamos a que máis do 70% da poboación vive en entornos urbanos, aínda que seguimos mantendo a metade dos núcleos de poboación de todo o estado, agora habitados por xente de idade avanzada.

Neste contexto os Montes Veciñais en Man Común, que supoñen sobre o 25% da superficie total do territorio galego, víronse e seguen sometidos a un proceso de reaxuste. Esta forma singular de propiedade xestionada polo común dos veciños cumpriu unha función económica moi importante. Función que empezou a mudar en parte cando algunhas administracións locais do franquismo incentivaron, e en ocasións usurparon parte destes montes para repoboalos fundamentalmente con piñeiros e eucaliptos. Esta repoboación tivo efectos negativos nun primeiro momento sobre as comunidades rurais, as que privou de espazos de pastoreo e produción de cereais en tempos dunha alta demanda de espazo gandeiro. Máis tarde, conforme foi baixando a demanda de superficie agraria, esta repoboacións de piñeiro e eucalipto foron unha fonte de ingresos moi importantes para a comunidade porque, tendo á marxe do monte espazo suficiente para produción agro gandeira, a forestal era un complemento da anterior, que ademais era compatible coa recolleita de mato e o pastoreo. Pero esta situación mudou novamente e na actualidade son cultivos pouco rendibles, con expectativas de selo incluso moito menos, e que, en termos xerais, se seguen mantendo porque demandan moi pouca forza de traballo, que é un ben moi escaso no rural.

Esta situación de baixos prezos e falta de forza de traballo leva a situacións de semiabandono, que en circunstancias moi concretas pode conlevar situacións moi problemáticas por mor dos incendios forestais

Ao fío dos incendios de outubro de 2017, no pleno dese mes esta corporación aprobou a creación

do Consello Forestal e de Desenvolvemento Rural. No pleno do mes seguinte aprobábase elaborar o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios Forestais e a Ordenanza de Limpeza de Predios Para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais.

A proposta que hoxe traemos pretende complementar as anteriores, situándose na liña de apoiar iniciativas de carácter económico/laboral, que axuden ó necesario re axuste entre o MVMC e a poboación, aportando valor ó monte e contribuíndo simultaneamente a reducir os perigos que provoca a falta duns coidados mínimos deste espazo.

Aínda que escasas, existe un número crecente de actuacións, que de xeito compatible ou alternativo as especies de crecemento rápido, buscan darlle un valor engadido ó monte. Hai experiencias de gandería extensiva, de plantación de arandeiras, de aproveitamento e transformación de castañas, de cría de porcos celtas, etc Sen ir máis lonxe no noso concello hai un proxecto de micorrización de piñeiros para a produción de setas.

Na nosa opinión estas prácticas merecen ser difundidas, analizadas e, se xurdira algunha iniciativa apoiadas. Por lodo o anterior propoñémoslle ó pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Facer unha recolleita de actuacións en montes veciñais en man común compatibles ou alternativas ás especies de crecemento rápido, elaborando unha ficha de cada unha delas na que consten, cando menos, a súa localización, dimensión, modo de xestión, proceso de posta en funcionamento. situación recente e resultados.
2. Facer unha difusión deste traballo entre as xuntas xestoras das comunidades, os comuneiros e a poboación en xeral. Facilitando a visita a algunhas delas se houbera interesados.
3. Comprometerse no apoio a posibles iniciativas mediante execución das infraestruturas rurais que foran competencia do concello, o asesoramento e a posta a disposición dunha liña de descréditos.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, dos 3 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 dos membros do grupo PSOE) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN: APOIO A INICIATIVAS DE CARÁCTER LABORAL.**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Concelleiro Antón Castro Castro, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O laboral, como o económico no seu conxunto, é un eido no que as administracións públicas, especialmente os concellos, teñen poucas competencias. Porén o económico é o aspecto que é sustento e termómetro da vida da comunidades. Un concello con vos indicadores económicos é un concello con mellores índices demográficos, quer porque aumenta a natalidade que porque atrae poboación inmigrante. Unha vila con unha economía saneada suele ter menos delitos, mais satisfacción da poboación, maior confianza cara o futuro, etc, etc.

En varias ocasións ó longo da lexislatura temos acusado a este goberno de situarse nunha certa zona de confort, que o leva a centrar o seu traballo en áreas que xa funcionan razoablemente ben, esquecéndose que máis do mesmo non sempre é mellor, e que con frecuencia é peor. Pero é que ademais, como o traballo que poden levar a cabo os grupos e as persoas é limitado, o anterior fai que queden na sombra, desatendidas outra serie de cuestións socialmente moi importantes, como son as relacionados co eido económico.

Pódese alegar, nos mesmos o facíamos ó empezar, que son ámbitos sobre os que os concellos teñen poucas competencias. Aínda así algunhas posibilidades de actuación teñen, e engadiríamos que tamén se actúa en outros ámbitos que non son competencia municipal.

Entrar nunha análise polo miúdo dos indicadores económicos do concello está fora do alcance dun documento deste tipo pero os datos económicos son manifestamente mellorables. A renda é inferior a da media da comarca, a constitución nos últimos anos de cooperativas, sociedades laborais, sociedades mercantiis, etc é practicamente inexistente. un indicador indirecto do funcionamento da economía como é a evolución demográfica, mostra que Rianxo presenta por exemplo un índice de envellecemento sensiblemente superior ó do resto da comarca. Pero esta análise tampouco é necesaria porque desde a nosa perspectiva teríamos que tomar iniciativas aínda que a situación fora mellor.

Tampouco se trata aquí de analizar as actuacións do grupo de goberno no ámbito, aínda así non podemos obviar que o espazo de coworking do que se falou o inicio da lexislatura, e do que na prensa se publicou a súa inminente apertura, debe seguir durmindo o sono dos xustos na mesa dalgunha administración. Por máis que na última iniciativa que presentamos sobre o comercio local se nos contestou con unha ladaiña de medidas que se levaran a cabo, os efectos das mesmas non os reflexan os datos.

A proposta que hoxe traemos busca ser unha medida de acompañamento de apoio a ideas do eido laboral, poñendo algún recursos económicos e de coñecemento ó servizo destas persoas e das ideas. Pretendemos apoiem financeiramente ideas de carácter laboral que previamente foran sometidas a unha análise de viabilidade.

Como xa fixeramos constar noutra proposta, entre unha idea e a súa concreción na na práctica hai unha serie de pasos, que poden facela exitosa ou abortala dependendo das decisións que se tomen.

O primeiro que necesitamos é un equipo que valore a proposta. Non todas as ideas que parecen boas o son, nin todas as que nun principio parecen disparatadas o son. Hai polo tanto que valorar esa idea no contexto para o que foi pensada e na dimensión na que foi concebida.

Unha vez dimensionada hai que ver o segmento de mercado o que vai dirixida e situala, ben fisicamente, ben na rede ou en ambos espazos. Poderíamos tentar facilitar, durante o tempo que se considerase, espazo físico e/ou virtual do que o concello dispuxese ou do que o concello se dotase. A continuación necesitamos definir as accións e os tempos necesarios ate poñela en funcionamento, e os retornos esperables e en determinados horizontes temporais.

Por si necesitásemos referentes e asesoramento para facer este traballo, o que vimos de enunciar nos dous últimos parágrafos e algo que hai tempo veñen facendo nos seus viveiros de empresas os Centros Integrados de Formación Profesional dependentes da Consellería de Educación.

Pero hai un último punto, que é o económico. A iniciativa podería ser susceptible de beneficiarse de apoios públicos, e tamén neste punto habería que asesorar, pero tamén o concello poder ser un elo importante neste eido. Podería habilitarse unha liña de micro créditos, que podería nutrirse de recursos do propio concello, ou ben de particulares que tendo diñeiro “ocioso” e pouco retribuído polas entidades, estiveran dispostos, coas correspondentes garantías, a poñelo a disposición de ideas empresariais testadas, que eles mesmos tamén terían que aprobar.

Trataríase de cantidades modestas, de arredor de 4000 euros a un xuro baixo, arredor do 3% a devolver nun prazo máximo de catro anos. Contrariamente ó que puidera parecer é unha cantidade da que moita xente non pode dispoñer, nin pode acceder a ela nunha entidade de crédito ó nivel de xuro mencionado.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Comunicar a idea a sindicatos, asociación de empresarios, etc para que puidera no seu formato definitivo axustarse o mellor posible ás necesidades reais.
2. Ver o xeito de prestar asesoramento nas distintas fases, coordinando con este fin recursos humanos propios, doutras institucións ou que presten a súa colaboración nun réxime de voluntariado.



3. Analizar que espazos físicos e/ou virtuais que poderían poñerse ó servizo deste proxecto e en que condicións.
4. Dotarse de recursos económicos para os micro créditos
5. Facer unha ordenanza na que se recollan os aspectos mencionados.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, dos 4 membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (3 dos membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS LGTBIQ+**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Moción que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 28 de xuño é o Día internacional do Orgullo LGTBIQ+ e aproveitamos esta data para recoller as reivindicacións dos colectivos e traelos ao Pleno da Corporación coa finalidade de darlles visibilidade e apoio institucional.

Pasou un ano desde que o PP, coa súa maioría rexeitou no Parlamento a proposta da Lei galega de identidade de Xénero, un texto proposto polos colectivos e asumido polos grupos parlamentares da oposición, cos únicos votos en contra do PP.

Actualmente estase a valorar a posibilidade de volver a presentala e agardamos que desta vez o apoio sexa unánime. Homologarnos a Asturias, Madrid, Valencia, Canarias é urxente e necesario para que as persoas LGTBIQ+ dispoñan dun marco legal que ampare as súas necesidades e se despreguen os dispositivos necesarios para dar unha atención axeitada, independentemente do lugar onde se habite no noso país. A despatoloxización debe ser prioritaria para poder avanzar cara a normalización das vidas das persoas de todas as identidades sexuais, e iso só pode ser abordado desde unha lei galega.

Por outra banda instamos á Xunta de Galiza a aplicar en toda a súa dimensión a Lei 2n0I4 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais

de Galicia no que respecta aos ámbitos que nela se recollen como son o da Policía e xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e o ocio, do deporte, da xuventude e da comunicación. Normalizar, visibilizar, despatoloxizar, formar e informar son os obxectivos marcados.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

#### **1. instar á Xunta de Galiza e a todas organizacións políticas do Parlamento,**

**a) A impulsar a Lei Galega de identidade de Xénero onde se recollan as reivindicacións dos colectivos, especialmente a despatoloxización das diversas identidades sexuais.**

**b) Desenvolver e aplicar a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia en todos os ámbitos que se mencionan na mesma: da Policía e xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e o ocio, do deporte, da xuventude e da comunicación.**

**c) Dotar orzamentariamente o desenvolvemento efectivo da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galiza.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

FORA DA ORDEN DO DÍA

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA 'MANADA'**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Lruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados 'A Manada', condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os

Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

E como reacciona o Tribunal? Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é o condenado: a vítima ou os seus agresores?

Non está demais lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá, e á marxe quedaríamos da sociedade se non recollemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se teñan ou se vaian organizar, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas nos nosos concellos a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Angel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. E necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condenada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena,

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

##### **1. A declaración de persoas non gratas a:**

- **José Ángel Prenda Martínez**
- **Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena**
- **Jesús Escudero Domínguez**
- **Angel Boza Florido**
- **Antonio Manuel Guerrero Escudero**

##### **2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.**

##### **3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

#### **7 ROGOS E PREGUNTAS**

Rianxo, xoves 18 de xullo de 2018

A secretaria accidental DXAL, Vicenta A. Campaña Martínez

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez